



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	A Literatura Inglesa e a súa Crítica	Código	613G03032	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gomez Blanco, Carlos Juan	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es	
Profesorado	Gomez Blanco, Carlos Juan Simal Gonzalez, Begoña	Correo electrónico	carlos.gomez@udc.es begona.simal@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das escolas de crítica literaria máis relevantes aplicadas a literatura inglesa.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Sen cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas *Metodoloxías docentes que se modifican As clases e probas faríanse en Teams ou Moodle (assignments, discussion forums...). Non habería presentación oral do traballo, que sería escrito. Os exames en Moodle no día sinalado no calendario oficial. As clases terían o mesmo horario pero feitas en Teams ou Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle e Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: Ningunha (so adaptacións telemáticas). *Observacións de avaliación: Os alumnos con dispensa ou dedicación a tempo parcial terán as mesmas probas obxectivas e o mesmo traballo tutelado que os demais. Os comentarios de texto feitos durante o curso serán reemplazados por exercicios similares o día da proba obxectiva.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen cambios.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.



B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer corrientes principais da teoría da literatura	A1 A2 A3	B8	C6
Comportarse con ética e responsabilidade.		B8 B9 B10	C6 C7 C8
Dominar a expresión oral e escrita do idioma inglés.	A6		
Valorar a importancia de investigación na sociedade e o uso das tecnoloxías da información.			C6 C7 C8
Saber relacionar coñecementos de diferentes áreas.	A1 A2 A3 A10 A11		
Saber autoinformarse de maneira crítica.	A15	B3	
Apreciar a diversidade reflectida na literatura.	A15		
Ter sentido crítico e aptitude crítica ante a literatura.	A2 A10 A11 A15 A16		
Saber utilizar as ferramentas tecnolóxicas de análise e investigación para a procura de información.		B1 B2 B3 B7	
Coñecer ben as literaturas en lingua inglesa.	A16	B5 B8	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A1 A2 A15	B7	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1 A2 A15		
Comportarse con ética e responsabilidade.		B10	
Utilización correcta das TICs nesta materia.	A14	B1 B3 B7 B9	

Contidos



Temas	Subtemas
1. Conceptos	1.1 Qué é a literatura? E a literatura inglesa? 1.2 Qué é a teoría literaria? Para qué serve? 1.3 Escritores e críticos: a quen lle pertence o texto? 1.4 Validación: o cánon literario. 1.5 Axentes de mediación (publicidade, tradutores, público, críticos, etc). 1.6 Centro e periferia: standards e alternativas. 1.7 Breve reseña da historia da teoría literaria: desde Matthew Arnold, os Cambridge critics e os New Critics hasta o ecocriticismo.
2. Texto, autor e lector, e o proceso comunicativo	2.1 Meaning e significance (Hirsch) 2.2 Obxectividade e subxectividade. Intencionalidade autorial e recepción. ¿o autor está morto? 2.3 Aberto/ pechado (Eco). 2.4 Fontes relacionadas: I. A Richards, Hirsch, Roland Barthes, Umberto Eco, W. Iser, Wayne C. Booth, Estructuralismo, Stanley Fish.
3. A persona autorial	3.1 Autores implícitos e lectores: o proceso de comunicación. Identidade. Narradores e narrarios. Voz e punto de vista. 3.2 Voz poética e alter ego. 3.3 Dramaturgos e persoaxes 3.4 Drama e teatro 3.5 Fontes: E. M. Forster e E. Muir. Wayne C. Booth e a Escola de Chicago; Actos de Fala (Grice e M. L. Pratt); Chatman e Genette (narratoloxía)
4. Forma e contido. A linguaxe literaria	4.1 Existe a linguaxe literaria? 4.2 A forma ten significado? A literatura é útil? Fiction/Non fiction. 4.3 Semiótica: Saussure e Peirce. 4.4 Metáfora, metonimia: realismo e modernismo 4.5 Foonocentrism: dende o Estructuralismo ata o Poststructuralismo. Texto coma comunicación ou placer. 4.6 Fontes: Humanismo, Formalismo e Marxismo Fowler, Lodge, Deconstrucción, Barthes.
5. Texto, historia, cultura e natureza	5.1 Historiografía e a novela histórica. 5.2 Universal / contextual. 5.3 Cultura e ideoloxía 5.4 Xénero: teorías e evolución. Gay studies. 5.5 Poder e subversion. 5.6 Teorías poscoloniais e Critical Race Studies. 5.7 Ecocrítica.
6. Práctica de análise literaria usando distintas perspectivas.	6.1 Lectura de Aphra Behn, The Rover 6.2 Lectura de Conrad, Heart of Darkness 6.3 Lectura de textos breves e pasaxes (fotocopias ou pdfs)

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A15 A1 A2 A3 A10 A11 A14 A15 A16 B8 B9 B10 B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10 C6 C8	12	11	23



Lecturas	A1 A2 A3 B3 B5 B7 C6 C7 C8	0	35	35
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A15 A1 A2 A3 B1 B2 B3 B7 B8 B9 C6 C7 C8	1	11	12
Presentación oral	A1 A2 A3 A6 A15 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10	4	10	14
Proba mixta	A1 A2 A3 A6 A7	0	4	4
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A6 A7 A15	10	7	17
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A6 A7 A15 B5 B7	2.5	3	5.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións do profesor para a explicación de temas teóricos: escolas críticas e a súa aplicabilidade.
Lecturas	Lecturas das fontes do programa, moitas delas fotocopias de fontes diversas, que o alumnado debe realizar pola súa conta e ter feitas para participar nas clases prácticas da materia. As fotocopias se facilitarán con anterioridade. En canto aos dous textos literarios (Behn e Conrad), existen copias na biblioteca.
Traballos tutelados	un ensaio académico individual de entre 6 y 8 páxinas a dobre espacio (incluíndo a lista de obras citadas). Os temas posibles se indicarán durante o curso.
Presentación oral	Unha presentación oral individual ou entre dúas ou tres persoas: exporase A) unha lectura/interpretación dun texto literario desde unha perspectiva crítica concreta; ou B) un resumo e análise explicativo dunha fonte teórica breve. Ante todo, os/as estudantes tentarán abrir un debate para continuo con toda a clase, que deberá propor alternativas á interpretación presentada
Proba mixta	Proba evaluadora con preguntas de diferentes tipos que será deseñada para avaliar o 50 por cento da materia. A proba mixta pode incluír aspectos como preguntas de tipo test, preguntas para desenvolver, análise prácticos de textos, etc.
Análise de fontes documentais	Actividade na que os alumnos traballan sobre fontes documentais relevantes para a asignatura, xa sexan fontes primarias ou secundarias.
Discusión dirixida	Discusións sobre aspectos da materia e intercambio de opinións nos grupos prácticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	O alumno recibirá atención personalizada para a realización dos seus traballos e para a elaboración da presentación oral. Os alumnos poderán estar en contacto co profesor dun xeito continuado a través do enderezo electrónico e da plataforma UDC Moodle.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A6 A7	Proba deseñada para avaliar esta materia nun 40 por cento da nota (4 puntos). Os alumnos/as deberán 1.6 de 4 na proba para poder facer media co resto e poder aprobar.	40
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A6 A7 A15	Comentarios de texto feitos na clase. Se recollerán tres ou catro durante o curso. 4 puntos.	40



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A15 A1 A2 A3 B1 B2 B3 B7 B8 B9 C6 C7 C8	Realización dun traballo individual que teña que ver con algún aspecto da materia. Un plaxio confirmado supón a non cualificación desta proba. 1 punto. Desde 6 a 8 páxinas a dobre espazo. Debe ser entregado antes de que termine o período de clases.	20
---------------------	---	---	----

Observacións avaliación

Nesta materia valorarase especialmente o coñecemento dos principios básicos de cada escola crítica literaria, e, tamén, a capacidade de analizar razoadamente, empregando eses coñecementos teóricos básicos, dous textos literarios ingleses. A nota final ha de ser igual a 5 para poder aprobar a materia. Os alumnos/as deberán obter tamén un mínimo de 1.6 sobre 4 puntos no exame, e de 2.4 sobre 6 na avaliación continua. A asignatura é impartida por dous profesores que evalúan o 60 % e o 40%. Os alumnos necesitan tamén un mínimo de 2.2 puntos e de 1.5 respectivamente para facer media. A avaliación do Dr Gómez é como sigue: traballo tutelado (2 puntos), análise de fontes (2) e parte da proba mixta ou exame (2). En total 6 puntos. A avaliación da Dra Simal é: análise de fontes (2) e parte do exame (2). En total 4. Plaxiar nos traballos invalida o traballo. Temos aplicacións como "Turnitin" para facilitar a detección de citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). "Turnitin" reconece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet. Os alumnos/as que non fagan traballos, exposicións orais ou comentarios de texto non terán notas de avaliación continua. É necesario obter 2 puntos e deberán recuperalos na convocatoria de recuperación ou de segunda oportunidade, aínda que teñan 5 de 5 puntos no exame de primeira oportunidade, algo que obviamente non é doado. A única lingua empregada en clase, traballos e exames será o inglés. As faltas de expresión graves (non de estilo) en lingua inglesa mermarán a nota en calquera actividade. Por tanto recoméndase que os alumnos/as se esmeren na redacción e revísenas. Tampouco se permitirán plaxio de fontes escritas ou dixitais en exames ou traballos. Os alumnos deben adquirir competencia literaria propia en certa medida, aínda que é lóxico que os comentarios e interpretacións do profesor subexistan tras a devandita competencia. Cando ou alumno/a, por circunstancias varias (enfermidade xustificada, dispensa, etc.), non poida facer a presentación oral, sempre poderá entregar un segundo traballo por escrito antes do exame de primeira oportunidade para que a actividade compute entón 2 puntos sobre 10. Os alumnos/as que asistan e participen durante o curso na avaliación continua non poderán ser considerados como non presentados a partir da realización dun 25 % das actividades. Aqueles alumnos que oficialmente fosen matriculados a tempo parcial, e que posúan unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo. Os alumnos a tempo parcial con dispensa académica, deberán falar co profesor durante as dúas primeiras semanas para buscar alternativas á avaliación continua. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avalíaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. A avaliación da oportunidade de xullo divídese da forma seguinte: 50% exame final 50% actividades que substituirán o traballo da avaliación continua.



Fontes de información

Bibliografía básica	Esta bibliografía é de fontes teóricas de consulta. Se facilitarán fotocopias varias durante o curso para traballar con elas. Ademais, se deben ler varios textos literarios para explorar as aproximacións críticas explicadas: Aphra Behn, The Rover. Joseph Conrad, Heart of Darkness. POSTCOLONIAL STUDIES, CRITICAL RACE STUDIES, ECOCRÍTICA: Helena María Viramontes, "The Cariboo Cafe" (relato) William Sanders, "The Undiscovered" (relato) Selección de poemas (Kipling, Divakaruni, Hong...) Extractos de Aravind Adiga's The White Tiger Extractos de Karen Tei Yamashita's Through the Arc of the Rainforest
Bibliografía complementaria	Guerin, Wilfred L., et al. (1992). A Handbook of Critical Approaches to Literature. 3rd ed. New York: Oxford University Press Barry, Peter (2002). Beginning Theory: An Introduction to Literary and Cultural Theory. Manchester: Manchester University Press, 1995 (2002). Culler, Jonathan (2000). Breve introducción a la teoría literaria. Barcelona: Crítica. (Literary Theory: A Very Short Introduction). Elam, Keir. The Semiotics of Theatre and Drama. London: Routledge. Tyson, Lois (2006). Critical Theory Today: A User-Friendly Guide. London: Routledge Ryan, Michael (2010). Cultural Studies: A Practical Introduction. UK: Wiley-Blackwell, 2010. Eagleton, Terry (1996). Literary Theory. Oxford: Blackwell Bertens, Hans (2014). Literary Theory: The Basics. . London: Routledge. Third edition. Lodge David, ed. (2000). Modern Criticism and Theory: A Reader . London: Longman Belsey, Catherine (2002). Post-Structuralism: A Very Short Introduction.. Oxford: OUP, 2002. Peck, John, and Martin Coyle, eds (1995). Practical Criticism. (How to Study Literature series). Basingstoke: Macmillan Selden, Raman, Peter Brooker and Peter Widdowson (1997). Practising Theory and Reading Literature. Hempstead: Prentice Hall Europe Pearce, Lynne (1994). Reading Dialogics . London: Edward Arnold Eagleton, Terry (1998). The Eagleton Reader . Oxford: Blackwell Glotfelty, Cheryll and Harold Fromm (1996). The Ecocriticism Reader: Landmarks in Literary Ecology.. Athens: The U of Georgia P. Leich, Vincent B. ed., et al (). The Norton Anthology of Theory and Criticism. New York: Norton Kermode, Frank & John Hollander eds. (1973). The Oxford Anthology of English Literature. London: OUP. Said, Edward W (1983). The World, the Text, and the Critic. Cambridge (MA): Harvard UP Gates, Henry Louis, ed. (1986). ?Race,? Writing and Difference. Chicago: The U of Chicago P

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G03005
Literatura Inglesa 1/613G03010
Literatura Inglesa 2/613G03017
Literatura Inglesa (XVI-XVII)/613G03021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías